

PLAN

DE CONVIVENCIA

CEIP SAN

SALVADOR

Índice

1-Xustificación

2-Base legal

3- Axentes responsables da convivencia no centro educativo

4- Diagnóstico do estado de convivencia no centro

5-Obxectivos xerais

6-Obxectivos específicos

7-Medidas de actuación organizativa e medidas preventivas.

8-Intervención:actuación diante das condutas problemáticas

9-Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa

10-Normas básicas de convivencia do centro para todo o alumnado

11-Concreción das medidas polos órganos responsables para o desenvolvemento do Plan.

12- Condutas contrarias á convivencia

13-Composición do Plan de Convivencia

14-Difusión, revisión e avaliación do Plan de Convivencia

15- Colaboración con outras Institucións e recursos do entorno

16- Conclusión

17-Anexo: Aula de Convivencia, Proceso de mediación.

1.- XUSTIFICACIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas.

A convivir, a compartir vivencias, apréndese interactuando; fomentando as boas relación interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica; dende o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos que específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. Este documento partirá e terá como referente a Lei de Convivencia 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, pola que se desenvolve dita Lei; de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Os distintos espazos, tempos e experiencias compartidas polos sectores da Comunidade Educativa no Centro Escolar son un marco ideal e privilexiado para o fomento da convivencia pacífica e democrática, así como para a creación dunha atmosfera educadora e solidaria, asumindo que no ámbito da escola se reproducen, en graos diversos, os conflitos que están presentes na Sociedade e aos que o sistema educativo debe responder positiva e constructivamente.

2.- BASE LEGAL

- CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA: artigo 27.2
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación (B.O.E. 141 de 04/05/2006 LOE)
- Lei 27/2005.do 30 de novembro de fomento da educación e da cultura da Paz
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño ,de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio; polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG 21-10-1996; corrección de erros DOG 06/11/96 e DOG 08/01/97) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.(*artigos 22 e 23 referidos ao absentismo*)
- Lei 16/2010 do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza.
- Decreto 19/2007 do 23 de xaneiro, artigo 5º, polo que se adoptan medidas para a promoción da cultura de paz e a mellora da convivencia nos centros educativos sostidos con fondos públicos.
- Lei 2/2014 do 14 de abril pola Igualdade de trato e non discriminación de gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais.
- Instrución do 6 de setembro de 2019; da Dirección Xeral de educación, Formación Profesional e Innovación educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020.
- Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF)

3.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA NO CENTRO EDUCATIVO

Os axentes deben garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a Sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar. Partimos do principio de que todos os membros da

comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar, cada un na esfera que máis directamente lle corresponda. Deste modo, toda a comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Segundo o establecido no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño ,de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar os axentes responsables da convivencia escolar son os seguintes:

O CONSELLO ESCOLAR

O consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

- a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia constituirase no seo do *consello escolar*. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

1. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

2. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia concretase neste plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do Concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

O CLAUSTRO

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

O EQUIPO DIRECTIVO

Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

A dirección, ademais das funcións que lle atribúe *o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006*, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no Decreto 8.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.

- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro recollidas nas NOF.

4.- DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

1.- Características do centro e o seu entorno

UBICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

O colexio atópase no barrio de Teis, sendo o último colexio de Vigo limitando con Chapela, concello de Redondela. Debido a esta situación recibe alumnado pertencente aos dous concellos.

Está construído nos terreos do Monte do Sino, que se supón era un antigo vertedoiro de cerámica celta e incluso pode haber un antigo poboado celta debaixo; polo que cada vez que se ten que facer algunha obra que repercute no terreo, Patrimonio ten que actuar.

Pegado ao colexio está o Parque da Riouxá, unha extensa zona con diferentes especies de árbores, explanadas verdes, parque infantil, paseos relaxantes, anfiteatro ao aire libre e unhas vistas á Ría de Vigo increíbles. Un recurso natural que aproveitamos sempre que podemos a través de proxectos e actividades diversas; xa que accedemos a el por unha porta no muro do Centro Educativo e tamén un lugar de encontro para o alumnado e as súas familias nas tardes e nos días non lectivos.

Está preto de praias (a da Punta, é a máis concorrida polas familias), sendo outro recurso natural aproveitado para facer algunha actividade.

Así como ten nun contorno natural envexable que proporciona unha ampla variedade de recursos, non posúe infraestruturas culturais, de mobilidade, etc. Non hai ludotecas, nin museos, nin sequera unha rede de comunicacións cara ó Centro adecuada; o transporte público é precario. Hai pouco fixeron unha biblioteca, que resulta escasa para a cantidade de poboación que hai no barrio de Teis. Si que posúe unha infraestrutura de servizos educativos complementarios de apoio ao alumnado con dificultade na aprendizaxe e en desvantaxe cultural e económica (centro cívico de Teis, clases de apoio no CPR.Xesuítas e Plan Comunitario de Teis –recursos que empregamos co noso alumnado-, así como diversas asociacións de apoio ás familias).

O feito de ter tres IES cerca (o Colexio está adscrito ao IES de Teis) e moitos colexios (públicos e privados-concertados) nos arredores, fai que haxa moito movemento de alumnado e diversidade educativa, así como espazos deportivos aproveitados para fomentar o deporte no barrio (creouse as Olimpíadas de Teis hai uns anos) e facilitando unha labor dinamizadora e de colaboración entre as Comunidades educativas deles (ANPAS, Mestres, Equipos Directivos, actividades extraescolares, equipos de fútbol,etc).

O contorno urbano é máis ben rural, xa que está rodeado de casas unifamiliares con horta e animais domésticos, así como de xeito máis disperso hai edificios antigos de poucas alturas e un grupo de vivendas sociais. É unha zona onde sitúase gran parte de Empresas dedicadas ao Mar (Estaleiros, Conxelados, etc), preto pasa a vía do Tren e a entrada e saída da Autopista A-9.

INSTALACIÓNS

O Colexio foi construído hai case 50 anos e conserva a estrutura típica dos colexios desa época. Está totalmente apuntalado dende hai moitos anos. Posúe dúas alas con entrada independente para cada unha delas, conectadas interiormente por un corredor no primeiro andar e a Biblioteca no segundo. Ten un soportal grande que abarca as dúas entradas ao edificio, un patio exterior con bancadas, un patio de infantil definido e pechado con enreixados coloridos, un Pavillón cuberto (aberto a Comunidade –nel entrena e xoga o equipo de fútbol da zona, o “ Treboada”-), existe unha chaira que

distribúe todos estes espazos e xardín ao redor do mesmo, algún del, aproveitado para horta, granxa, estanque, etc.

Con respecto á parte interior do edificio escolar, temos unhas aulas amplas e luminosas (de infantil, de primaria, de música, de inglés, de relixión, de PROA, de medioambiental, de taller de cociña), despachos para o Orientador, A.L. e P.T., gimnasio cun escenario que ten unha función multiusos (fai de espazo para as festas da ANPA, salón de actos diversos –para os festivais do colexio, reunións para actividades veciñais, etc.-), unha biblioteca que conecta as dúas alas, moi luminosa e con espazos ben delimitados que favorecen diversas actividades, unha aula de informática con material informático precario, unha aula empregada para a convivencia e como espazo de exposición de diversos proxectos, despacho de dirección e secretaría, sala de mestres/as, (segundo sexa a necesidade), cociña, ludoteca, almacén, aula para a ANPA, espazo para o porteiro-vixiante, varios habitáculos para almacén de material de limpeza e de educación física, un espazo para as empregadas de limpeza (onde poden cambiarse de roupa) e baños en todos os andares do edificio.

A COMUNIDADE EDUCATIVA

Profesorado

No curso actual temos 14 mestras e mestres, dous deles compartidos co CEIP. Eduardo Pondal e unha compartida co CEIP. Sárdoma-Moledo. De todos eles, soamente un (O Orientador) non pertence ao claustro do noso Centro Educativo.

A distribución do profesorado é a seguinte no curso 20/21:

- Mestras de primaria: 5
- Mestras de infantil: 2
- Mestra de inglés: 1
- Mestras de música: 2
- Mestres de educación física: 1
- Mestra de relixión: 1 (compartida co CEIP. Sárdoma-Moledo)
- Mestra de pedagogía terapéutica: 1
- Mestra de audición e linguaxe: 1 (compartida co CEIP. Eduardo Pondal)

- Mestre de Orientación: 1 (compartido co CEIP. Eduardo Pondal)

Contamos tamén, dende xaneiro, cun mestre a maiores que dá apoio ás aulas de 4º, 5º e 6º de ed. Primaria polo proxecto ARCO.

Practicamente, todo o profesorado realiza tamén funcións de apoio nas aulas con alumnado que teñen dificultades de aprendizaxe, completando os apoios do Departamento de Orientación e en coordinación coa Xefatura de Estudos.

Alumnado

Este curso temos un total de matrícula de 115 nenas e nenos. Existe un alto porcentaxe de alumnado que quedan en comedor e que vai no transporte escolar. Actualmente hai dúas aulas mixta, unha de infantil con alumnado de 4º e 5º de ed. Infantil e outra de primaria con alumnado de 1º e 2º curso, dada a baixa de matrícula experimentada hai dous cursos (favorecida pola crise tivemos uns anos con baixa natalidade que repercutiu inevitablemente na matriculación no noso Centro Educativo e que sigue afectándonos).

Familias:

A maioría das familias teñen unha situación socio-económica medio baixa (nos momentos da crise había moitas familias con membros en paro).

Moitos familiares do noso alumnado xa estiveron escolarizados no Colexio. Hai unha pequena porcentaxe de persoas emigrantes ou doutra etnia. Estes últimos anos estamos sufrindo as consecuencias da baixa natalidade da época da crise.

Neste Centro existe a ANPA Outeiro do Sino, moi participativa e colaboradora co Colexio (realizan traballos de mellora de espazos –na zona do patio de infantil, nas mesas de cultivo, no soportal do patio do colexio, na limpeza de espazos, etc). Organizan as actividades Extraescolares do colexio e participan activamente noutras organizadas polo Centro (Talleres no magosto, Día do Libro, Padriños lectores, Día da Paz, Entroido, Convivencia Fin de Curso, Rede de hortas escolares, etc). Tamén a nivel aula, cando o profesorado precisa da súa cooperación, implícanse (Reconquistiña, etc). Este curso, debido á Pandemia, todas estas actividades quedaron suspendidas.

A Educación debe ser compartida entre as familias e o profesorado, axentes ambos imprescindibles no proceso de ensinanza dos seus fillos e fillas. Por tratarse dunha educación integral, a comunicación entre o colexio e as familias será fluída e accesible, buscando canles sólidos de participación e información.

Persoal de administración e servizos

Este curso temos dende o mes de xaneiro un porteiro-vixiante, nomeado polo Concello de Vigo. En principio vén fixo, o que repercute positivamente no Colexio.

Outro tipo de persoal que non pertence ao Colexio por estar contratados por Empresas externas pero que están baixo a supervisión de Dirección, son:

- **Monitoras do comedor:** Temos catro contratadas pola Empresa ALSAGA. O noso comedor é de xestión indirecta.
- **Empregadas da limpeza:** Contratadas pola Empresa Montelnor (Nortempo), algunha leva moitos anos limpando no noso Centro Educativo.
- **Monitoras do transporte escolar:** Dúas persoas que acompañan no transporte escolar ao alumnado.

2.- Situación actual do estado de convivencia no Centro Escolar

A nivel xeral a convivencia no Centro educativo é boa. A nivel profesorado o ambiente é moi positivo, a maioría somos definitivos con moitos anos de traballo conxunto e o recentemente chegado incorpórase sen problemas ao seo de traballo e convivencia existente. Ademais, somos un equipo profesional que acolle as novas ideas con entusiasmo e interese.

Coa ANPA a relación é fluída e colaborativa, En xeral, son familias participativas e preocupadas por todo o que atinxe ao colexio (salvo excepcións).

O alumnado, salvo casos puntuais, soe acatar as normas e os problemas que xurden resólvense ao traverso do diálogo. Os conflitos ocorridos durante a xornada lectiva resólvense no ámbito escolar, evitando interferencias externas. Contamos para iso coa colaboración das familias cando sexa preciso.

Nos distintos **servizos** do que dispón o colexio, comedor e transporte a convivencia é máis problemática.

- Con respecto ao **comedor**, o nº de comensais reduciuse bastante e ademais habilitamos un espazo a maiores para uso de comedor. Todo isto repercutiu positivamente na convivencia nestes espazos, así mesmo coas normas de uso derivadas do Covid-19, favoreceu o comportamento dos usuarios/as dos mesmos.
- Con respecto ao **transporte**, xorden problemas de convivencia por non respectar as normas de uso, non entender as funcións propias das monitoras do mesmo por parte dalgunhas familias ou mesmo pola forma de proceder dalgunha monitora. Coas normas impostas pola Pandemia, hai alumnado (sobre todo a principio de curso) ao que lle custou habituarse.

Dende a Comisión de Convivencia consideramos que o problema radica que algúns nenos e nenas non perciben estes servizos como unha continuidade do labor educativo. Traballamos neste senso para melloralala.

As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver co alumnado que amosa pouco interese, que non traballa, que non trae o material necesario, que non presta atención ou /e distrae aos seus iguais, interrompendo a marcha normal da clase. Damos unha importancia especial ao comportamento do alumnado que supoña unha falta de respecto ao profesorado, persoas coidador, monitoras ou calquera adulto (especialmente cando se acompaña dun enfrontamento público e menoscaba a autoridade ante o resto dos compañeiros/as). Este curso engadimos tamén a importancia dun correcto uso da máscara, así como do cumprimento das diferentes normas de hixiene e desinfección impostas pola Covid-19.

O alumnado concede maior importancia ás faltas de respecto entre si, ás que afectan ás súas pertenzas e ás que dificultan o normal desenvolvemento das clases (condutas disruptivas e chamadas de atención).

Ás familias preocúpalles principalmente as condutas do alumnado que interfiran no proceso de ensino-aprendizaxe (que impiden que as clases se desenvolvan nas mellores condicións ou prolonguen o tempo de estancia no colexio) e as que poidan producir algún dano físico aos seus fillos e fillas.

Dende toda a Comunidade educativa concédese importancia especial ás condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia. Así mesmo coa chegada do Plan de Igualdade incídese na igualdade de xénero e na importancia do papel da muller na historia. E agora coa Pandemia, co uso correcto de todas as normas impostas pola Covid-19.

5.- OBXECTIVOS XERAIS

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos
- Contribuír dende o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

- Concienciar a toda a Comunidade Educativa do correcto uso das máscaras e do emprego das medidas de prevención e hixiene derivadas da Covid-19.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima de clase para evitar a conflitividade e diminuír as condutas máis graves.
- Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesorado e os alumnado.
- Actuar ante os conflitos actuais, sempre que sexa posible, de xeito proactivo, é dicir, como un medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todo o profesorado, evitando contradicións que desorienten ao alumnado.
- Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para liquidar problemas de convivencia.
- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias de motivación e educativas non dean resultado ou a non intervención poida xerar males maiores.
- Educar en valores: liberdade, respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, reflexión, igualdade, veracidade...
- Funcionar coa aula de convivencia cando sexa preciso.
- Previr as desigualdades de xénero a través de obradoiros e charlas.

7.- MEDIDAS DE ACTUACIÓN ORGANIZATIVA E MEDIDAS PREVENTIVAS.

7.1.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Dentro das **medidas organizativas** están as NOF, onde se reflicten todas aquelas normas xerais de uso e funcionamento do Centro (ver páxina web). Neste apartado faríamos maior fincapé en todas aquelas que posibiliten unha adecuada vixilancia dos

espazos e tempos considerados de risco: Entradas e saídas, tempos de recreo, saídas do centro, corredores, aulas, pistas deportivas, comedor, transporte.

7.2.- MEDIDAS CURRICULARES

- ✓ Promover metodoloxías que favorezan a interacción, a aprendizaxe cooperativa e a responsabilidade compartida.
- ✓ Potenciar o rol do profesorado como mediador, que favoreza a empatía, o diálogo, as actitudes de proximidade e de escoita activa.
- ✓ Favorecer os estilos de aprendizaxe que valoren a diversidade (ACIS, flexibilidade grupal...)
- ✓ Traballar o coñecemento do alumnado (desenvolvemento evolutivo, características emocionais, capacidades de inserción social, de relacións interpersoais...)
- ✓ Traballar contidos transversais e competenciais (respeto a diferenza , a diversidade, autonomía e emprendemento, currículo inclusivo,...)
- ✓ Aplicar programas de comunicación, resolución de conflitos e habilidades sociais que permitan afrontar estas situacións en positivo.
- ✓ Ensinar valores de igualdade e respecto mutuo, xustiza, reflexión, tolerancia etc,
- ✓ Educar nas emocións para tomar conciencia delas e ser quen de xestionalas.
- ✓ Fomentar a asunción de dereitos e deberes, o sentido da xustiza e a igualdade de xénero.

Así mesmo, no propio currículo de algunhas áreas ou materias que constitúen a educación primaria abárcanse contidos relacionados co respecto ás persoas, ás normas e a convivencia democrática.

7.3.- MEDIDAS PREVENTIVAS

O profesorado do Centro e os tutores/as mediante a **acción titorial** e grazas ao permanente contacto co alumnado e a regular relación coas familias, serán os encargados de adoptar medidas educativas necesarias para previr os conflitos.

Contemplanse as seguintes medidas xerais:

- ✓ Actividades encamiñadas a facilitar a integración e a participación do alumnado.
- ✓ Plan de acollida
- ✓ Asambleas de aula
- ✓ Medidas para dar reposta á diversidade do alumnado:
- ✓ Plan de orientación
- ✓ Plan de acción titorial
- ✓ Plan de atención á diversidade
- ✓ Medidas dirixidas ao profesorado: Plan de acollida ao persoal docente e non docente
- ✓ Actividades dirixidas a favorecer a relación das familias co Centro
- ✓ Comunicación cos servizos sociais, gabinetes psicolóxicos e familia.
- ✓ Apoio ao profesorado con máis problemas de disciplina dentro da súa aula (co asesoramento do Departamento de Orientación)
- ✓ Uso de estratexias de mediación nos conflitos (ver anexo do proceso de mediación escolar).
- ✓ Atención ás familias polo Equipo Directivo
- ✓ Atención dos tutores/as en horario de titoría e asambleas de titoría a comezos de curso e durante os seguintes trimestres.
- ✓ Reunións coas familias cando sexa necesario
- ✓ Participación das familias a través do Consello Escolar
- ✓ Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres:
- ✓ Actividades programadas para a Convivencia
- ✓ Medidas promovidas polo consello escolar encargado de velar pola igualdade.

- ✓ Emprego da aula de convivencia cando sexa necesaria, ante unha conduta disruptiva reiterativa e como opción previa á expulsión (ver como se desenvolve no anexo).
- ✓ Coordinación nas pautas de actuación entre o profesorado que incide no grupo.
- ✓ Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco.
- ✓ Información sobre a **NORMATIVA** do centro.

8.-INTERVENCIÓN: ACTUACIÓN DIANTE DAS CONDUCTAS PROBLEMÁTICAS.

- Empregar un estilo docente asertivo: actitude serena e tranquila do profesorado, actuando como modelo de condutas reflexivas e de autocontrol. Non actuar de xeito agresivo ou autoritario. Transmitir mensaxes claras no contido e harmónicas nas formas, con coherencia entre ambas.
- Centrarse na conduta-problema como algo que se pode cambiar, evitando a xeneralización a toda a súa persoa e observando as cualidades positivas que ten o alumno/a que lle poden axudar a superar a conduta-problema.
- Describir o que fai o alumno/a, a quen, cómo, donde e cando o fai. Que pasa antes, durante e despois da conduta-problema. (follas de incidencias).
- Corrixir individualmente e felicitando publicamente axudamos a mellorar a autoestima e o compromiso.
- Correxir as condutas inadaptadas no momento en que se producen, dando a oportunidade de adoptar unha conduta alternativa axeitada.
- Definir as condutas ás que queremos chegar, que deben ser alcanzables.
- Reforzar positivamente as condutas adaptadas de forma inmediata, mediante o recoñecemento público. Retirar a atención diante das malas condutas e premiar con atención as condutas positivas.
- Responsabilizar ao alumnado de condutas comúns no Centro.
- Cando un/unha alumno/a persista nunha conduta disruptiva terá que saír da clase a un espazo onde estea controlado polo profesorado de garda (“TEMPO FÓRA”), permitindo que continúe na aula a actividade lectiva sen interrupcións.
- Procurar que imite a conduta correcta e valorala positivamente.

- Facer contratos de conduta a nivel individual ou de grupo, no que se establezan as condutas a cambiar e as consecuencias positivas.
- Aplicar dun xeito flexible as normas de convivencia do Centro para adaptarse á diversidade do alumnado con necesidades específicas, sen amosar publicamente a evidencia das diferenzas (casos de TDH, alumnado con medicación,...) Comunicación fluída coas familias destes nenos e nenas.
- Facer contención física se fora preciso no momento de crise.
- Distribuír dun xeito adecuado ao alumnado nas aulas (no caso dos servizos do colexio: comedor e transporte igual). Situar preto do profesorado a quen teña máis problemas de conduta e evitando xuntar persoas con estas características.
- Levar unha axenda ou caderno onde se comuniquen familia e centro sobre as tarefas e condutas observadas durante cada día. Reflectir as condutas problemáticas e pedir a sinatura da familia, para comprobar que estea informada dos feitos.
- Permitir e facilitar a cooperación de educadores familiares, profesionais dos servizos sociais ou de gabinetes psicolóxicos de forma coordinada co centro e coa familia.

9.- DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

9.1.- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os *seguintes dereitos*:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- A protección xurídica adecuada as súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previsto na lei.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son ***deberes do profesorado:***

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponde a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñendoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoñía a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias do alumnado.

9.2 .- DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES LEGAIS:

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos de convivencia e participación**, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados sobre o proceso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas , **teñen os seguintes deberes:**

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

9.3.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle **os seguintes dereitos:**

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio da súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, a Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

9.4 .- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

Tomando como base o artigo 7 da Lei de Convivencia, ao alumnado recoñécenselle **os seguintes dereitos básicos** de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A recibir unha información integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo.
- A participar na confección de normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
- Á igualdade de oportunidades: a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, condicións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais, e psíquicas ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A que o seu rendemento escolar sexa avaliado con obxectividade.
- A recibir información sobre a súa evolución no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- A coñecer cales son os criterios de promoción de curso ou ciclo establecidos na lexislación vixente.
- A recibir orientación escolar para conseguir o máximo desenvolvemento persoal segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
- A desenvolver a capacidade e actitude crítica.
- A que se respecten a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto en ningún caso de tratos vexatorios ou degradantes.
- A que se garde reserva sobre toda aquela información que se refira ás súas circunstancias persoais e familiares salvo que estas poidan implicar malos tratos ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos plas leis de protección de menores (o que se comunicará aos organismos pertinentes).

- Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos dos demais.
- A utilizar as instalacións do centro coa precaución necesaria en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
- A percibir as axudas precisas para compensar posibles carencias de tipo económico e sociocultural.
- A que en caso de enfermidade prolongada se lle preste a axuda que precise a través da orientación, proporcionándolle o material didáctico necesario e as pautas para levar a cabo as tarefas.

Son **deberes básicos** de convivencia do alumnado:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudio no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización , convivencia e disciplina dentro do centro docente (en horario lectivo, horario de comedor e transporte escolar).
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso

10.- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO PARA O ALUMNADO

Nas **NOF** do noso Centro Educativo, o **punto 5. NORMAS ESPECÍFICAS DO CENTRO**; fan referencia ás normas para o Profesorado, o alumnado e ás familias.

Centrándonos nas específicas do alumnado, reflicto aquí as que se nomean nas NOF engadindo algunha máis:

- O alumnado acudirá ao Centro educativo con puntualidade, regularidade e con vestimenta adecuada e cómoda para cada actividade.
- O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar, por unha causa xustificada e con autorización asinada polo pai/nai/titor-a ou persoa autorizada.
- O alumnado deberá respectar e usar correctamente as instalacións, mobiliario e material escolar do colexio.
- Non poderá traer obxectos perigosos, nin calquera obxecto que non sexa material escolar.
- O alumnado ten prohibido traer teléfonos móbiles ao colexio ou calquera outro aparato dixital co que poida facer fotos ou gravacións.
- O alumnado que chega tarde diariamente por costume, deberá quedar en secretaría ata a 2ª hora para non interromper o ritmo da clase, agás aqueles que teñan causa xustificada (asistencia ao médico, enfermidade, etc.)
- O alumnado de 5º e 6º poderá saír só –podendo levar aos irmáns pequenos– sempre que haxa unha autorización asinada pola nai/pai ou titor/a legal (no modelo oficial do Centro), segundo a Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros de Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos/as escolarizados nos centros públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida.
- O alumnado deberá dirixirse con respecto a todos os membros da Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias).
- O alumnado resolverá os conflitos mediante o diálogo, e non mediante a agresión verbal o física.
- O alumnado deberá dar parte ao profesorado ante unha situación na que estea en risco a integridade propia ou dalgún compañeiro ou compañeira, para que se tomen as medidas oportunas.
- O alumnado deberá manter unha actitude participativa nas actividades programadas polo Centro.
- O alumnado deberá cumprir coas normas básicas de hixiene e coidado corporal.
- O alumnado deberá empregar as normas básicas de cortesía e educación, tales como: . Saudar e despedirse ao chegar e marchar respectivamente

- . Pedir desculpas cando sexa necesario.
- . Dar as grazas, pedir as cousas empregando “por favor”, poderías, etc.
- . Evitar accións inapropiadas, tales como: tusir enriba dun, cuspir, etc.
- O alumnado respectará as ordes dadas polo profesorado e o persoal non docente.
- O alumnado respectará todas as normas de prevención pola Covid- 19.
- O alumnado manterá os espazos limpos empregando as papeleiras.
- O alumnado fará os distintos cambios de clase, as entradas e saídas do colexio de xeito silencioso e ordenado.
- O alumnado deberá petar na porta e pedir permiso antes de entrar noutra clase, Secretaría, Conserxería, etc.
- O alumnado só entrará nas aulas antes do comezo das clases e no tempo de recreo cando teña permiso do profesorado.

10.1.- NORMAS DE AULA

- escoitar con atención cando fala alguén, mestre/a ou compañeiro/a.
- Ser respectuoso co profesorado e cos compañeiros/as e tratar aos demais como nos gustaría ser tratados nós.
- Falar sen berrar.
- Levantar a man para falar e respectar a quenda de palabra.
- Levantarse só con permiso do profesor/a.
- Sentarse correctamente na cadeira sen molestar aos compañeiros/as.
- Saír da clase só co permiso do profesorado.
- Cooperar e axudar nas tarefas da clase.
- Coidar o material xa sexa propio, dun compañeiro/a ou do colexio.
- Manter limpo e ordenado o material propio, da aula e do centro.
- Traer todo o material que precisemos para todas as clases.
- Evitar ruídos molestos na aula: arrastrar mesas e cadeiras, golpear obxectos, ruídos coa voz, etc.
- Aproveitar os cambios de clase para facer estiramientos ou movementos indicados polo profesorado, que contribúan ao benestar físico do alumnado.
- Evitar voltearse cara atrás na cadeira
- Ter a máscara correctamente posta e baixala só con permiso do profesorado.
- Cumprir coas normas Covid-19 de hixiene e desinfección.

- Empregar soamente o baño adxudicado a nosa aula e ao recreo (no tempo do mesmo).
- Chegar con puntualidade despois do recreo ou nos cambios de clase.
- Seguir as ordes do profesorado (facer as tarefas escolares e, se é o caso, anotalas na axenda para responsabilizarse do seu cumprimento).
- Ir ao baño antes do recreo.

10.2.- NORMAS DE ASEOS

- Facer un uso racional de auga e papel.
- Depositar os residuos de papel no correspondente sitio (papel de mán na papeleira).
- Tirar da cisterna e lavar as mans despois de utilizar o aseo.
- Respetar ós compañeiros/as cando acoden ó mesmo.
- Non entreterse nos aseos.

10.3.- NORMAS NOS CORREDOIROS E ESCALEIRAS

- Entraremos á aula desde os diferentes espazos dedicados ao recreo en orden e silencio.
- Subiremos e baixaremos seguindo a dirección das frechas polo lado correspondente.
- Procuraremos permanecer nas escaleiras e corredoiros o menor tempo posible.
- Manteremos limpos corredoiros e escaleiras, empregando as papeleiras.
- Moverémonos a modiño e en silencio polos corredoiros e escaleiras sen berros e empurróns.

10.4.- NORMAS NOS PATIOS DE RECREO

- Respectaremos as normas de xogo.
- Realizaremos xogos non violentos.
- Utilizamos as zonas adxudicadas para cada curso.
- Durante o tempo de lecer permaneceremos no noso espazo de xogo e non poderemos entrar no edificio escolar sen permiso do profesorado.

- Manteremos limpo o patio, empregando as papeleiras e animando aos demais que as usen.
- Procuraremos non tocar superficies comúns: porterías, canastras, enreixados, etc.
- Prohibido xogar con pedras, paus, etc...
- No tempo de recreo soamente podemos empregar o baño adxudicado ao mesmo.
- Comemos a merenda sen estragala e cunha distancia suficientemente ampla entre os compañeiros/as.
- Respectamos e coidamos os espazos verdes.
- Unha vez que soe o timbre, faremos unha fila con suficiente distancia entre uns e outros coa maior rapidez posible.
- Respectaremos a quenda para subir ás clases, lembrar que somos aulas burbullas.
- O profesorado de garda deberá comprobar que non queda ninguén atrás.
- Cando xogamos no soportal non poderemos ir por detrás do colexio.
- Non poderemos traer xoguetes ao patio nin outro material susceptible de intercambiar.
- No tempo de lecer no comedor deberemos obedecer ás monitoras e seguir as normas que se seguen no tempo de lecer en horario lectivo.
- Respectaremos os grupos burbulla todo o tempo que dure o recreo.

10.5.- NORMAS NO PATIO DE RECREO DE INFANTIL

- Os elementos naturais que topamos son para facer xogos que non fagan dano aos nosos compañeiros/as (paus para pintar no chan de terra, boliñas da árbore e follas para facer comida, etc.).
- Evitamos andar coas mans facendo buratos no chan.

10.6.- NORMAS NO TRANSPORTE

- Subimos en orden e silenciosamente.
- Sentámonos correctamente e no mesmo sitio sempre, salvo que a monitora o cambie.

- Hixienizaremos as mans nas entradas e saídas do autobús e levaremos a máscara posta todo o tempo que dure o percorrido.
- Obedeceremos todo o que diga a monitora.
- Ao saír do bus respectaremos o grupo burbulla e entraremos escalonadamente ao edificio escolar (deixando distancia prudencial –Covid- con outros nenos/as que sexan doutros cursos), hixienizaremos as mans e iremos cada un/unha a aula correspondente.
- Ao saír de clase cara ó bus, esperaremos a que nos veñan a buscar á aula, hixienizaremos as mans e baixaremos ordenadamente e en silencio. Esperaremos se atopamos outro curso que está subindo ao transporte, deixando a distancia prudencial (Covid-19) e volveremos a hixienizar as mans antes de subir ao transporte escolar.

10.7.- NORMAS DE COMEDOR

- Baixaremos co profesorado, deixando as mochilas nos sitios estipulados e hixienizando as mans antes de entrar a comer.
- Esperaremos en silencio e ordenadamente a nosa quenda, se atopamos un grupo diante nosa deixando as mochilas, respectando todo o momento a distancia covid-19 con outro grupo burbulla.
- Obedeceremos en todo momento o que digan as monitoras de comedor.
- Sentarémonos sempre no mesmo sitio.
- Esperaremos coa máscara posta entre prato e prato.
- Procuraremos falar o mínimo posible.
- Soamente baixamos a máscara para comer ou beber.
- O alumnado da 2º quenda esperará no Pavillón xogando e respectando as medidas Covid-19.

11.- CONCRECIÓN DAS MEDIDAS POLOS ÓRGANOS RESPONSABLES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

11.1.- PROFESORADO

- ✓ Corresponde ao profesorado de cada grupo a prevención dos conflitos e o cumprimento das normas de convivencia, tanto na aula coma no resto das dependencias do Centro e nas actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do recinto escolar.
- ✓ Todo o profesorado teñen o dereito e a obrigaón de respectar e facer respectar as normas de convivencia no Centro e corrixir aquelas condutas ou comportamentos que vaian en contra de ditas normas, de conformidade co disposto no Plan de Convivencia e no NOF.
- ✓ Asemade, está obrigado a participar na resolución de conflitos no ámbito do Centro Escolar.
- ✓ Todo o profesorado será responsable de incluír nas súas programacións e na súa práctica na aula contidos e actitudes favorables á mellora da convivencia escolar, de acordo co establecido neste Plan de Convivencia.

11.2.- CLAUSTRO DE PROFESORADO

- ✓ Corresponde ao Claustro propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro.
- ✓ Nas súas reunións ordinarias e, se fora preciso, en reunións extraordinarias, informará da resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velará para que estas se atean á normativa vixente.
- ✓ Proporá actuacións de carácter educativo, para previr e solucionar conflitos de maneira pacífica.

11.3.-TITORAS

- ✓ Corresponde ás titoras, no ámbito do Plan de Acción Titorial, a coordinación do profesorado que imparte docencia ao grupo de alumnado da súa titoría, mediando entre este, o alumnado e as familias.

- ✓ As titoras impulsarán as actuacións que se leven a cabo, dentro do Plan de Convivencia, co alumnado da súa titoría e incorporarán nas súas sesións contidos proactivos para a mellora da convivencia escolar.
- ✓ As titoras comunicarán ao alumnado do seu grupo as normas de convivencia aplicables no Centro e na aula, de acordo co que se recolla no Plan de Convivencia.
- ✓ As titoras terán coñecemento das actuacións inmediatas e das medidas adoptadas polo profesorado que imparte docencia no seu grupo, co obxecto de resolver os conflitos e conseguir un adecuado marco de convivencia que facilite o desenvolvemento da actividade educativa.

11.4.- CONSELLO ESCOLAR

Exercerá as seguintes funcións:

- ✓ Velará polo correcto cumprimento dos dereitos e deberes dos alumnos.
- ✓ Propondrá medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Coñecerá a resolución de conflitos disciplinarios e velará porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas pola dirección correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente á convivencia no Centro, o Consello Escolar, a instancia de pais ou titores poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.
- ✓ Avaliará os resultados da aplicación das normas de convivencia no Centro, analizará os problemas detectados na súa aplicación efectiva e propondrá, no seu caso, a adopción das medidas para a súa resolución.
- ✓ Propondrá actuacións de carácter educativo en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade escolar.
- ✓ Elixirá aos representantes da comisión de convivencia.

Cando así o dispoña o Consello Escolar, e co fin de axilizar o seu funcionamento, as funcións referidas no punto anterior de este artigo poderán ser asumidas pola Comisión de Convivencia.

12.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Segundo o establecido no artigo 12 da Lei de Convivencia:

- Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
- Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.
- As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considerándose incluídas no ámbito de aplicación desta Lei.

Para a gradación das medidas correctoras previstas neste Plan tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuizos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Reparación de danos causados

✓ O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

✓ Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

✓ O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

As condutas contrarias á convivencia nos centros educativos clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

Cando calquera membro da Comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á Dirección do centro docente para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

12.1.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido pola Lei (artigo 28 da Lei 4/2011).
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e os materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos que se considera perigosos, cando se é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- Incumprimento das sancións impostas.

12.2.-MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

A proposta de cambio de centro

1. A medida correctora de cambio de centro *terá carácter excepcional*
2. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
3. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.
5. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións oportunas.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

12.3.- PROCEDIMIENTO CORRECTOR CONCILIADO

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a acordar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
 - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta , estea disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan

 - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento

3. O procedemento conciliado *non procederá* nos seguintes: casos:
 - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade

 - b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado

 - c) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante

O incumprimento das medidas correctoras dará lugar ao procedemento común. Se non se logra o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instructor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra a alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno . Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado poderase designar unha persoa mediadora que

actuará na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu acordo na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora, de habela, neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

12.4.- PROCEDEMENTO COMÚN

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

3. A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

4. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta

Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

a) Feitos probados.

b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

c) Medidas correctoras que se vaian aplicar

d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

5. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou alumnos ou, de ser o caso das persoas proxenitoras ou representantes legais de acordo co establecido no artigo 127 da lei orgánica 2/2006 para os centros públicos e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello.

6. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

7. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas

.

12.5.- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina , os danos á persoas etc, os actos

inxustificados que causen danos e as actuacións prexudiciais para a comunidade, que non alcancen a gravidade requirida .

- b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c. A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

12.6.- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

Tal e como se recolle no artigo 2 da Lei de Convivencia , as condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a. Amoestación privada ou por escrito.
- b. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d. Realización, en horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
- i. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

12.7.- RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES

A imposición das medidas correctoras de condutas leves levaraa a cabo:

1. O profesorado da alumna/o, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c)
2. A titora ou titor, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d)
3. A persoa que ocupa a xefatura ou a persoa titulara da dirección do centro no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f)
4. A persoa titular da dirección nas dúas últimas medidas. oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h)
5. A imposición destas medidas correctoras comunicarase ao pai ou nai, titor legal do alumno antes de que estas se fagan efectivas así como a comisión de convivencia.
6. Os alumnos/as ou responsables destes poderán mostrar o seu desacordo mediante escrito nun prazo de **dous días**, a dirección ratificará ou rectificará unha vez valoradas as alegacións.

12.8.- PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS: A AULA DE CONVIVENCIA E A MEDIACIÓN ESCOLAR

- Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas

disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

- Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor/a e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
- Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumnado a súa propia aula no menor tempo posible.
- A mediación escolar busca unha resolución pacífica dos conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

Tanto o desenvolvemento da AULA DE CONVIVENCIA como o de MEDIACION ESCOLAR atópanse no ANEXO deste documento.

12.9.- PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
- O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres este non cese.
- No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o computo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

12.10.- PRINCIPIOS PARA LEVAR A CABO AS MEDIDAS CORRECTORAS

Todas as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes PRINCIPIOS:

- Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuir á mellora do seu proceso educativo.
- Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou titores/as ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

13.- COMPOSICIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

13.1 Composición

En función do establecido na Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve dita lei a comisión de convivencia está formada polos seguintes integrantes:

A comisión estará composta por:

- Presidente: FRANCISCA BAUTISTA MONTERO
- Representante do profesorado: M^a VICTORIA ROCA MARTÍNEZ
- Representantes das familias: MIGUEL TIZÓN MÉNDEZ
- Representante do alumnado: SARA ALONSO CASTRO
- Orientador: JESÚS ABEL SOUTO

13.2. Plan de reunións:

A Comisión de Convivencia reunirse tres veces durante o curso escolar(unha por trimestre) con carácter ordinario para analizar a situación da convivencia no Centro e con carácter extraordinario tantas veces como sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de unha terceira parte dos seus membros

Levantarase acta de cada reunión, xa sexa ordinaria ou extraordinaria.

13.3. Plan de actuación:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias

impostas.

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia

14.- DIFUSIÓN, REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Unha vez finalizada a elaboración do Plan de Convivencia, darase a coñecer ao Claustro de Profesores, para o seu informe, e ao Consello Escolar, para a súa aprobación.

A partir dese momento procederase a súa difusión a través dos medios posibles: reunións, entrevistas, Axenda Escolar, páxina web do Centro. A Comisión de Convivencia ten como tarefa facer o seguimento periódico e sistemático do mesmo.

Dado que na composición desta están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os membros da Comisión os encargados de recoller a información en cada un dos seus estamentos para sometela a análise, valorala e propor e implementar os axustes necesarios de maneira inmediata.

Ao comezo de cada curso escolar, revisarase o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no Centro e incorporar ao mesmo as

propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior. Esta revisión será aprobada polo Consello Escolar e incluída no Proxecto Educativo de Centro.

A avaliación do Plan de Convivencia debe realizarse

- ❖ Durante toda a aplicación do mesmo
- ❖ Inmediatamente logo da realización de cada actividade.
- ❖ De forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final de curso onde se recollerán :
 - ✓ Nivel de consecución dos obxectivos
 - ✓ Actividades realizadas
 - ✓ Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
 - ✓ Conclusións
 - ✓ Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación debe ser crítica e construtiva dos seus obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar poidamos mellorar.

Para poder levar á práctica de forma adecuada este Plan de Convivencia considérase imprescindible ter unha adecuada formación, encamiñada a potenciar a capacidade do profesorado tanto na resolución de conflitos, como na súa capacidade para atender situacións relacionadas coa convivencia e as situacións conflitivas. Por iso cremos necesaria a existencia dun Plan de Formación Permanente do Profesorado nestes aspectos, destacando temas como:

- Como mellorar o diálogo cos alumnos.
- Motivación
- Habilidades de comunicación: a importancia da asertividade.
- Resolución de conflitos dentro da aula: intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas e maltrato entre compañeiros.
- Estratexias para fomentar a participación do alumnado.
- Intelixencia emocional.

Entre as posibles actuacións de carácter formativo destacamos as seguintes:

-Participación do profesorado, tanto a título individual como de pequeno e gran grupo, en programas e actuacións que ofrezca a Consellería e outras entidades relacionados coa convivencia escolar: encontros, xornadas, cursos...

-Participación do alumnado en programas educativos organizados polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vigo, especialmente os relacionados con: prevención de drogodependencias, educación en valores, educación para a igualdade, programas de prevención de violencia de xénero...

-Realización de actividades para o alumnado, profesorado e nais e pais do alumnado pola Policía Nacional ofertadas a través da Inspección sobre temas de acoso escolar, consumo e tráfico de estupefacientes e sobre os riscos asociados a internet e as novas tecnoloxías.

-Proceso de selección e formación dos novos alumnos/as mediadores.

-Cursos de resolución de conflitos dirixidos ao profesorado e ás familias do alumnado, impartido por profesionais externos.

-Elaboración de materiais para a concienciación da necesidade de fomentar a convivencia entre toda a comunidade escolar.

-Celebración de datas especialmente relacionadas coa convivencia, tales como: O Día contra a violencia de xénero, o Día da Paz, o Día da Muller, o Día dos Dereitos da Infancia...

15.- COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS E RECURSOS DO ENTORNO

Con carácter xeral, establecerase:

- Colaboración cos servizos sociais do Concello no ámbito das actuacións deste Plan.
- Colaboración co Gabinete de orientación familiar da Xunta de Galicia, cando se estime necesario.

- Solicitude de intervención/derivación de profesionais especializados externos.
- Colaboración con Asociacións da zona de Teis (Centro cívico de Teis, Plan Comunitario de Teis, etc.)
- Utilización dos recursos do contorno: centros de documentación, videotecas municipais, obradoiros sobre consumo, de igualdade, etc.

16.- CONCLUSIÓN

A xeito de conclusión dicir que a operativización deste Plan require por parte de todos os membros de Comunidade educativa a elaboración de programas, protocolos de prevención e intervención, rexistros, normas de aula e centro, etc., que se irán incorporando ao Plan como anexos ao longo do curso escolar. Para eso teremos en conta:

- a) A mellora da Convivencia escolar non se pode abordar separada dos procesos educativos; debe articularse en torno ao currículo e os procesos de ensino-aprendizaxe, á organización do centro e ás relacións que nel se desenvolven.
- b) A mellora da convivencia debe abordarse mediante proxectos globais que, dende a colaboración do profesorado e a participación da comunidade, establezan os obxectivos e actuacións educativas a partir da análise de contexto e as prácticas de ensinanza. Estes plans deberán integrarse no Proxecto Educativo, explicitando o modelo de convivencia escolar que se quere: valores, norma e actitudes que queremos desenvolver.
- c) Non se pode construír a convivencia dende o fracaso escolar e a exclusión. É preciso ofrecer unhas oportunidades de aprendizaxe que permitan a todo o alumnado ter a posibilidade de obter éxito escolar. Para previr a violencia hai que potenciar a acción tutorial, o apoio, o reforzo educativo e propiciar a vinculación do alumnado e a comunidade co centro.
- d) É preciso educar para a convivencia: o currículo e a práctica escolar deben fomentar a aprendizaxe de valores, actitudes e condutas cívicas que faciliten unha convivencia pacífica.
- e) No centro precisase un modelo de xestión da disciplina e da resolución de conflitos que teña unha dimensión formativa. A resolución de conflitos dun xeito pacífico e dialogado formará parte das prácticas en materia de disciplina.

- f) A participación e colaboración da comunidade educativa é fundamental para apoiar o proceso de mellora da convivencia escolar. Unha visión compartida dos problemas, e a implicación activa na súa prevención e resolución, favorecerá o éxito na tarefa de educar para a convivencia e ofrecerá unha lexitimidade social engadida as bases teóricas e educativas que temos establecidas neste plan.

